

CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

Martes, 10 de outubro de 2023

Asisten: Pablo Abelleira Acebedo, María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Ángeles Cancela Carral, Xosé Manuel Cebro Rodríguez, Marina Coego Pérez, Marcos Dopico Castro, Rafael Durán Barbosa, Silvia García González, Eva María Lantarón Caeiro, Lucrecia María López Rubianes, Carlos Mollinedo Lois, Juan Picos Martín, Manuel Joaquín Reigosa Roger, María Mercedes Soto González, Emma Torres Romay

Excusan asistencia: Xosé Manuel Buxán Bran, Álvaro Xosé López Mira, Enrique José Varela Álvarez.

A sesión da comezo ás 12.03 horas coa seguinte Orde do Día:

Primeiro. Aprobación se procede, da acta da sesión anterior.

Solicítase corrección da acta do 1 de febreiro facendo constar a asistencia da alumna Marina Coego.

Aprobadas as actas coa corrección indicada.

Segundo. Informe do Presidente

O Reitor comeza a súa intervención felicitando ao profesor Manuel Buxán pola súa reelección como Decano da Facultade de Belas Artes.

Tamén agradece á incorporación a Consello de Campus polo sector de estudantes a alumna Carmen Maceiras ao tempo que agradece o traballo desempeñado neste mesmo sector polo estudante José A. Virgós.

O Reitor procede, a continuación a dar conta dos seguintes asuntos:

Matrícula

Informa sobre o bo resultado de matrícula a pesares dos cambios demográficos previstos nos próximos anos.

Sublíñase o éxito da titulación de Dirección e Xestión Pública onde o Grao Virtual encheu a titulación, chegando a cifras que practicamente ocupan a totalidade das prazas dispoñibles. .

Tamén se indica que se está traballando coa Xunta de Galicia para que os estudantes estranxeiros non cubran prazas dos estudantes residentes pero, ao tempo, poidan aportar matrícula para as titulacións con menor demanda.

Indícase que o caso da matrícula no Grao en Deseño supón un éxito abraiante e destaca o feito de que só se teñan producido problemas de matrícula no caso da Escola de Enxeñería Forestal.

Neste caso infórmase de que se está traballo en conxunto coas Escolas Forestais de Galicia para buscar solucións a esta baixa demanda. As propostas postas sobre a mesa pola Xunta de Galicia falan dunha titulación compartida entre Santiago e Vigo, feito que non parece solucionar o problema pero, en calquera caso, a Reitoría e a Escola de Pontevedra están a traballar xuntos no problema.

O Reitor aproveita para subliñar que non se amosa de acordo coas cifras de mínimos determinadas pola Xunta de Galicia (50 estudantes nos campus centrais e 45 nos non centrais) e que é preciso abrir un debate ao respecto buscando outras solucións: compartir teitos, planos de captación, adaptación dos mínimos, etc.

Novas titulacións

O Reitor indica que se agarda poder arranxar para o curso próximo os mestrados denegados pola Secretaría Xeral de Universidades, con especial atención ao de Deportes (mestrado profesionalizante non dirixido á investigación). Trátase dunha serie de denegacións realizadas con criterios difíciles de entender e recollidas nuns informes que non aportan procedementos de corrección.

A pesares de todo o anterior indícase que a aprobación da LOSU ten validade, precisamente, este sistema de tramitación de novos títulos, polo cal as institucións autonómicas terán que facer unha aprobación previa dos títulos que se propoñan (neste caso informe previo da Consellería pertinente).

Relacións institucionais

Infórmase de que están pendentes as reunións co Presidente da Deputación e o Alcalde. A reunión co Alcalde está prevista a semana próxima mentres que co Presidente da Deputación inda non hai data confirmada.

Con respecto á Alcaldía de Pontevedra os temas importantes son o desbloqueo da cesión dos terreos de Tafisa xa que o procedemento está agora en mans do Concello tendo sido tramitados os pasos previstos por parte da Universidade.

No relativo á Deputación de Pontevedra, agárdase poder continuar na liña de colaboración establecida co anterior goberno.

A esta respecto tamén se informa de que no relativo á cesión da Hospital Provincial non se teñen realizado avances, estando pendente determinar se a Xunta de Galicia se faría cargo do arranxo. Neste proxecto unha parte podería destinarse á Residencia Universitaria e, precisamente, xa se conta cos resultados da enquisa ao estudantado sobre este tema, obténdose datos subliñables: o 98% dos estudantes determinan que si debería haber residencia en Pontevedra e un 64% sería usuarios da mesma.

No caso de que non se producira a cesión do Hospital Provincial, a necesidade da Residencia Universitaria tería que ser formulada no plan de ordenación do campus, valorando outras opcións como Tafisa. En calquera caso as prioridades a este respecto son as Facultades de Deseño e a de Dirección e Xestión Públicas.

Programación do curso académico 2023-2024

O Reitor informa de que os obxectivos fundamentais do presente curso académico foron os xa adiantados na anterior reunión:

1. Implantación Grao de Deseño.
2. Edificio Benito Corbal. Outros á espera.
3. Novo plan estratéxico do Campus CREA.
4. Nova titulacións do Grao para incluír no mapa de titulacións.

A este respecto indícase:

1. Implantación do Grao en Deseño. Posta en marcha conseguida; feito que supón unha moi boa nova para o Campus e para a Universidade.
2. Edificio Benito Corbal. O edificio xa está en funcionamento e tense distribuído o seu espazo de tal xeito que o andar 5 destínase a investigación, o andar 6 á Facultade de deseño e o andar 7 destínase ao Campus CREA, esta última asignación fundamental para o proceso de acreditación.
3. Novo Plan Estratéxico do Campus CREA. Dedicarase un punto específico neste informe a esta cuestión, dada a importancia da mesma.
4. Novas titulacións de Grao. Dase conta da reunión mantida o pasado venres coa Consellería de Educación coa presenza dos tres reitores das universidades galegas. Infórmase de que a negociación sobre os novos Graos quedarán pospostas á elección do novo Reitor ou Reitora da Universidade Da Coruña. Dende a Consellería indícase de que a proposta de será de 6 ou 7 graos

e agárdase que a Universidade poida solicitar un novo grao por cada campus e que, no caso de Pontevedra, sexa do ámbito da Creatividade.

Plan estratéxico do Campus CREA e proceso de acreditación.

Indícase que un dos procesos fundamentais do curso actual é o **proceso de acreditación do Campus CREA**. Trátase dun proceso que, polo de agora, só se realiza na comunidade autónoma galega pero considérase un proceso positivo xa que permite a obtención dun financiamento adicional para os campus de especialización. No momento actual atópase rematado o proceso de acreditación do Campus Auga en Ourense, agardando obter o resultado final en breves e tense iniciado o proceso de re-avaliación do Campus Tecnolóxico de Ferrol.

O Reitor aproveita para explicar o **procedemento**, que deberá rematar cunha valoración determinada por A, B ou C. A cualificación A implica 5 anos de financiamento adicional mentres que a B será de 3, sendo a C un suspenso da acreditación. Agárdase que a cualificación do Campus AUGA sexa boa e que supoña un exemplo a seguir para o traballo que haberá que realizar no Campus CREA. Como punto de partida de cara á acreditación, é preciso renovar o Plan Estratéxico do Campus CREA xa que este non se atopa en vigor.

O Reitor realiza unha breve análise da **situación do Campus CREA** destacando que o seu deseño partiu de dúas posibilidades: campus saudable ou campus creativo. Finalmente decidiuse o modelo CREA xa que o campus contaba con titulacións únicas na oferta universitaria galega vinculadas coa creatividade estando, ademais, a cidade, especialmente relacionada con este eixo. Durante todos estes anos tense desenvolto un traballo interno que permitiu encaixar todos os títulos do Campus.

No momento actual poden terse en conta os pasos dados na acreditación do campus Auga xa que serven para adiantarse ao procedemento que serán aplicado no caso do campus CREA. O proceso conleva, en todo caso, **dúas liña de traballo**: os trámites administrativos do proceso e a negociación coa Xunta de Galicia.

En canto aos **trámites administrativos**, como consideracións fundamentais do proceso de acreditación indícanse:

- O Campus CREA non é equivalente ao Campus de Pontevedra
- Existen tres eixos de avaliación: docencia, investigación e contorna.
- En docencia só poderán terse en conta as titulacións directamente vinculadas con Creatividade, podendo buscarse certa transversalidade.
- Na investigación si poderán abordarse cuestións máis amplas, tendo en conta as distintas titulacións do Campus. Será preciso, ademais, buscar criterios distintos dos aplicados na avaliación científico-tecnolóxica xa que os datos agora mesmo non son os mellores.
- No relativo a contorna é importante a relación coa cidade.

No relativo aos **procesos de negociación** coa Xunta de Galicia, infórmase de que se manteñen conversas co goberno autonómico e que destas, e da experiencia previa xurde a necesidade de abordar varios aspectos:

- Deben funcionar adecuadamente as reunións do Consello Consultivo e académico, que deben ser os que marquen a dirección que deberá seguir a especialización do campus.
- Deben aplicarse cambios no modelo de gobernanza do campus de especialización xa que non queren como interlocutores aos decanos e decanas e directores ou directoras dos centros, como xa sucedeu en Ourense.

O Reitor incide en que debe marcarse unha folla de ruta para poder abordar adecuadamente o proceso de acreditación. Dita folla comeza coa redacción do novo **plano estratéxico**. Agárdase que o documento inicial estea dispoñible en decembro. Nese plano estratéxico deberá facerse fincapé naqueles elementos

que permitirán que o proceso de acreditación do Campus CREA sexa máis sinxelo:

1. Na docencia deberán establecerse tres tipos de titulacións:
 - Directamente vinculadas coa creatividade
 - Con carácter transversal
 - Sen vinculación
2. En investigación e transferencia: é preciso conseguir a actualización da datos e a posta en valor dos recursos existentes.
3. Definición dun novo plan de acción: con orzamentos máis actualizados que recollan propostas reais para a mellora de todo o campus.
4. Poñer o foco na transferencia. Con actividades como o Pont-Up Store, INCUVI, o programa cultura a Vicerreitoría, as exposicións da Sala Manolo Moldes ou o grupo de música tradicional como xeitos de relacionarse coas empresas, as institucións e a contorna en xeral.
5. Ter en conta as infraestruturas existentes. Incidindo en que existen espazos e aulas específicas para o desenvolvemento de actividades directamente vinculadas coa creatividade.
6. Aproveitar, tamén, as estruturas existentes. Con elementos como a Cátedra UNESCO ou a existencia de convocatorias propias de proxectos, ligados á Deputación de Pontevedra.
7. Ter en conta a contorna. Aproveitando as potencialidades da cidade de Pontevedra e elementos como o Museo Provincial así como as actividades culturais que se celebran na zona e, por suposto, as industrias creativas existentes na provincia de Pontevedra.

Infórmase, ademais, da documentación que habería que preparar para o proceso de acreditación do Campus CREA.

- 1) Resume executivo
- 2) Informe de alcance
- 3) Informe de avaliación
- 4) Evidencias
- 5) Plan Operativo
- 6) Plan de Igualdade
- 7) Instancia

Todo isto supón que a referida folla de ruta concrétase en tres fases básicas: a primeira sería a aprobación do novo plan estratéxico para o período 2024-2027 contando coa súa presentación a finais do ano 2023 e a aprobación a comezo de 2024. A partires dese punto, nunha segunda fase, pode traballarse en unificar os argumentos da acreditación e, finalmente, poñer en marcha a preparación da documentación da acreditación durante o primeiro semestre de 2024.

Outros asuntos

O Reitor pecha a súa intervención informando doutros asuntos. Concretamente:

- a) Novo plano de titulacións. Indícase que a Xunta está traballando na apertura do mapa de titulación no que se estima que poderán deseñarse ata tres novos Graos para a Universidade de Vigo. Neste caso sería unha proposta en cada Campus tendo o foco, precisamente, na especialización do Campus sendo, no caso de Pontevedra, unha orientación á creatividade.
- b) Infraestruturas. Infórmase sobre a evolución do novo ximnasio de musculación na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e incídese na necesidade de abrir un debate sobre a reordenación dos espazos do campus tanto na Xunqueira como na cidade.

Terceiro. Informe da Vicerreitora

A Vicerreitora do Campus de Pontevedra, Eva Lantarón, toma a palabra para informar de dous bloques de contidos:

- A. Memoria do curso 2022-2023
- B. Programación curso 2023-2024

A. MEMORIA DO CURSO 2022-2023

No relativo aos elementos xestionados e desenvolto durante o curso 2022-2023, a Vicerreitora informa dos seguintes asuntos_

Relacións institucionais

Neste campo de traballo dáse conta do mantemento do convenio de colaboración co **Concello de Pontevedra** ao tempo que se informa de que se está traballando nun convenio plurianual (2024-2027) con este organismo que, sen dúbida, simplificaría a xestión dos recursos facilitando unha mellor planificación. Co Concello tamén se está avanzando na cesión dos terreos de Tafisa, como xa indicou o Reitor.

Tamén se teñen establecido contactos con **Viaqua** de cara a mellorar do sistema de subministro de auga no Campus, onde agora mesmo se producen problemas que reducen a calidade da auga derivados do estancamento nalgunhas zonas.

Cos servizos de **medio ambiente do Concello** tense falado en torno a posibilidade de podar ou cartar as árbores que rodean o pavillón universitario xa que agora mesmo están producindo problemas no relativo á recepción da sinal wifi.

No caso da **Deputación de Pontevedra**, durante o ano 2023 foron recibidos 210.000 euros como axuda ademais de manterse a convocatoria de Axudas á Investigación que, de cara a vindeiros periodos, deberán traballarse garantindo a presenza de todos os ámbitos de investigación. Indícase que tamén se ten avanzado no relativo á cesión do Grao de Enfermería.

En canto á **Xunta de Galicia**, son varios os elementos tramitados ou conquistados:

- Convenio para a potenciación do Campus de Pontevedra e do Campus CREA
- Convenio do patalán. Cesión de dereitos por 20 anos (non por 4)

Con **outras institucións** tamén se ten traballado en avanzar nun posible illamento da estrada da zona superior da Facultade de Comunicación. Estanse facendo avances para pode facer unha proba piloto logo de que quedara aparcada a proposta de muro de insonorización plantexada.

Da colaboración co Consello Social teñen xurdido iniciativas como a Xornada de Investigación, as Xornadas Universidade-Empresa ou a Feira de produtos ecolóxicos e de proximidade, unha sesión de oficios e saberes ademais de poñer en marca musealización de, entre outros, a xiloteca e a colección de máquinas de cine.

Actividades do campus

Apórtase información sobre todas as actividades desenvoltas en 2023:

III Premios CREA

Concurso de Fotografía

Actividades das Letras galegas

Pont-Up Store, feira de emprendemento.

Tales. Programa de apoio ao emprendemento senior.

EUSumo de Galicia

Xornadas de Creatividade e Innovación organizadas en colaboración da Unidade de Cultura Científica.

Etc.

Tamén a colaboración en actividade se **eventos de captación** de estudantado como Ponteciencia ou Edugal, e outras actividades de **vinculación co contexto social** (Novos Cinemas). Ademais das **colaboracións establecidas con organismos** como Policía Nacional e a Brilat.

Dende o punto de vista das **actividades culturais**, tamén se ten en conta a programación na Sala de Exposicións Manuel Moldes e as actividades xeradas grazas á Cátedra Almirante Álvarez Ossorio. A este respecto a Vicerreitora lembra que a dirección da Cátedra está agora directamente en mans da Vicerreitoría o que permite unha maior dinamización na súa xestión.

B. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES 2023-2024

Para o presente curso están xa en marcha ou próximas a comezar as seguintes actividades ou eventos:

- Curso de extensión universitaria de danza tradicional.
- Curso de extensión universitaria de teatro.
- Coro Universitario. Neste punto solicita facer constar o agradecemento expreso a Marco Lucato, anterior director do Coro que remata a súa labor ao tempo que dá a benvida á nova docente María Luisa Sánchez González
- Aula de Música tradicional con Suso Vaamonde
- Concerto de primavera en colaboración coa Filarmónica de Pontevedra
- Ciclo de Cine., con actividades case todas as semanas.
- Docs do mes.
- Contos de inverno, un por mes comezando e setembro
- Revolución dos oficios., tecidos, redes e cerámica.
- Música para ReCREAr, con distintas actuacións como a de Lontreira
- Mesa redonda de talento e superación, prevista para o 2 de novembro.
- Feira de produtos ecolóxicos
- Regata da Cátedra Álvarez Ossorio este ano I Torneo Intercampus Universidade de Vigo na Ría de Pontevedra - novembro.
- Programa MUYER
- Celebración do Día das Letras Galegas e a o Día de Rosalía.
- Xornadas de Universidade-Empresa, en proceso de organización

Finalmente, infórmase sobre obras e infraestruturas:

- Avances na construción da sala de musculación na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Acondicionamento da Facultade de Deseño no Edificio de Benito Corbal.
- Melloras na Facultade de Dirección e Xestión Pública e Comunicación.
- Melloras no tellado da Facultade de Fisioterapia de cara a instalacións de placas solares.
- Intervención na Facultade de Belas Artes para converter a antiga cafetería nunha sala de exposicións.

Cuarto. Rolda de intervencións

O Reitor dá paso á rolda de intervencións:

Carlos Mollinedo.

Fala do “lastre” da **Escola de Enxeñería Forestal** e manifesta que non entende o problema coa matrícula da titulación sendo unha das titulacións máis importantes vencellada ao desenvolvemento da provincia de Pontevedra e as industrias fundamentais de esta, e sen embargo non somos capaces de captar alumnos. Debería facerse un estudo en profundidade das causas deste problema.

No relativo ao **Campus CREA**, considera este un “fallo” xa que non se estudou o que facía falla realmente para o Campus.

Con respecto á **tala de árbores no pavillón universitario** fala de que se trata dun grave erro xa que resulta fundamental conservar as árbores en todos os casos. Non se entende por que talar árbores por unha antena. Indica que non é precisa a wifi no pavillón universitario xa que só é para ctividade deportiva.

En canto á **pantalla acústica do campus**, indica que esta estaba feita hai anos, había árbores protexendo ese espazo e taláronse co conseguente problema. Tamén sinala que era sabido que ese estudio non ía ir adiante e iamos a quedar como estamos, inda que manifesta que non sabe cal é o problema neste momento.

En canto ao **aforro enerxético**, preguntarlle ao Reitor se xa está aprobado o que se vai facer na Facultade de Fisioterapia (instalación de paneis solares) e cal é o aforro que isto suporía. Pregunta se estamos xerando enerxía sobrante e como se está xestionado xa que seguen sendo evidentes os privilexios que se lles están dando a persoas que cargan os coches nos puntos de recarga do Campus. Tamén critica que se teñan ata tres ascensores funcionando nunha Facultade cando debería estar capado o uso de, a lo menos, de dous. Incide ademais que con plan de aforro enerxético existía o compromiso de presentar un informe anual de resultados.

No relativo á **proposta de novas titulacións**, indica que ata agora fixéronse titulacións sen sentido e bótanse andar sen ver ben o que hai que revisar.

Tamén fala da **modificación de horarios** nos centros, indicando que é unha decisión na que habería que ter en conta a todos. Insiste na necesidade dunha mellor planificación xa que se está traballando dun xeito que xera discriminación no alumnado e solicita que, cando a Universidade faga algo garanta que todos os estudante teñan os mesmos dereitos.

Cambiar os horarios debe ter en conta a opinión de todos. E tomanse decisión sen ter en conta a todos, todo funcionan se saber por que, non hai criterio, os alumnos non son iguais, non teñen os mesmos dereitos, eu pido que cando a universidade faga algo para adiante garantice que os alumnos teñan os mesmos dereitos.

Xosé Manuel Cebro

Indica que nos atopamos no Campus con máis potencial da Universidade (ubicación, titulacións), pero somos o “patito feo” da Universidade e aborda distintos aspectos para sustentar a súa afirmación:

Residencia Universitaria. Celebra que por fin se confirme a súa necesidade. De feito incide en que quizais é o campus con maior necesidade da mesma polas características do alumando. Dende o 2010-2011 vivimos nunha crise latente que se ten agudizado en 2023 e que supón o encarecemento dos alugueres a pesar de ter unhas condicións patéticas.

Infraestruturas de ocio e deporte. A este respecto considera que o campus é o peor dotado de toda a Universidade. O pavillón universitario é máis empregado por externos que pola comunidade universitaria. Ao tempo fala das malas condicións das instalacións deportivas, da inexistencia dunha piscina universitaria, que si existe nos campus de Vigo e Ourense.

Recursos Humanos. Indica tamén aspectos relativos ao persoal, xa que os PAS é unha parte da política de xestión da Universidade e forma parte da RPT. Indica que o modelo de Pontevedra é diferente ao implantado en Ourense e Vigo. No caso de Ourense existe unha área de mestrado e Doutoramento e, en Vigo, hai áreas por ámbitos para ese mesmo fin, mentres que en Pontevedra hai unha área de mestrado e Grao pero en Belas Artes a área existente leva mestrado, doutoramento e Grao.

Campus CREA. Sinala que se está defendo a potenciación do campus de especialización e que vai vir unha comisión de avaliación tendo como un dos eixos de análise a investigación. Neste caso considera que o I+D é unha fraqueza no campus de Pontevedra. Unha vez máis indica que en Ourense e Vigo existen áreas de investigación con persoal especializado e soporte administrativo para os grupos de investigación. Xa non se trata de chegar ao conquirido en Vigo onde a OTRI e I+D traballan para áreas específicas. Considera necesario reflexionar sobre a estrutura administrativa do campus.

Edificio Benito Corbal. Considera que foi unha aposta do equipo de goberno a implantación do Grao de Deseño. Durante a posta en marcha do mesmo teñen solicitado unha reunión da Comisión de Emprego, como requisito para aprobar contratos de necesidade por enriba da RPT. Informa de que eran consciente da existencia de reunións entre o equipo decanal, a reitoría e a xerencia e estaban agardando a que se convocara a mencionada Comisión para ver como facer os contratos para abrir o edificio da Benito Corbal.

A sorpresa produciuse cando o edificio se abriu cos contratos feitos. Dous contratos parciais con horarios definidos e limitados. Comenta que houbo unha reunión coa xerencia en setembro por que as críticas eran amplas por parte do propio persoal concretamente informouse de que era o garda de seguridade o que abría a porta e cando remataban as clases pechábase, sucedendo o mesmo pola tarde. Esta situación leva prolongándose un mes. Engade que, ademais, que non hai máquina de refrescos, nin de café e que se está dando unha moi mala imaxe por parte da Universidade de Vigo.

Neste caso considera especialmente grave o problema da xestión do persoal. Expón que o persoal deberá estar funcionalmente debaixo de alguén e non da administradora do Campus. Pon de exemplo o sistema de Vigo onde, en xerencia, o persoal de conserxería está por debaixo do responsable do CACTI. Deixa claro que o contrato desas dúas persoas nese horario para o Edificio Benito Corbal non ten sentido e incluso é denunciabile. Trátase dunha contratación en total precariedade cando existían fórmulas para poder facelo a tempo completo e de apoio ao Campus. O resultado de todo isto é un trato discriminatorio do alumnado. Informa de que lle solicitou á xerencia unha solución.

Ángeles Cancela Carral

Con respecto aos problemas do wifi no pavillón universitario, e segundo as consideracións que fan os expertos en situación semellantes, indica que o problema non soen ser as árbores senón as estruturas metálicas e solicita que se consulte con detalle se a tala de árbores é unha solución.

No relativo á acreditación do Campus de especialización, expón a súa preocupación como Coordinadora do Programa de Doutoramento xa que nese programa hai profesorado de titulacións que non encaixan exactamente e pregunta como se vai abordar ese problema.

Juan Picos

Agradece a preocupación de Carlos Mollinedo pola captación e matrícula en Forestais, pero solicita evitar a palabra "lastre" para referirse ao títulos polas súas connotacións negativas. Tamén agradece que se suxira o estudio pero informa de que xa se ten traballado ao respecto. De feito, informa de que a Comisión para a Ensinanza Forestal Superior da FAO xa detectou unha problemática estrutural nas titulacións do ámbito. Dita problemática relaciónase cunha tendencia á urbanización da sociedade, que a afasta de determinadas disciplinas (non é casual que se comparta a problemática con Enxeñería Agraria).

Formula a cuestión de se se está traballando coa oferta de formación superior necesaria, pero non se poden facer cambios ao respecto. Considera que 25 ou 30 persoas sería a taxa razoable e informa de que, a día de hoxe, hai máis matriculados en Enxeñería Forestal en Pontevedra que en todo Portugal (onde hai tres escolas). Tamén pon o exemplo da Escola de Helsinqui, cunha entrada de 40 persoas.

Analizando o caso concreto de Galicia, sinala que un dos problemas pode estar no deseño das probas ABAU onde non se poden cursar, durante o bacharelato, materias que poidan supor unha preparación para Forestais. De feito, non hai ningún instituto de secundaria que as ofrezca e os alumnas ou alumnas que poderían acceder a este estudos tamén se atopan co problema das ponderacións da materia, que pode ter certo efecto disuasorio. Ademais, queda claro que só veñen estudantes que si ou si queren facelo, xa que ninguén os orienta. Destaca que, probablemente, a forma de captar da Escola de Forestais é mellorable, pero hai máis elementos que se deben ter en conta á hora de abordar o problema e sempre tendo claro que se trata dunha titulación "de nicho" e que sería moi importante axustar a oferta á demanda.

Finalmente, no relativo ao Campus CREA, recoñece que se está colocando á Universidade nunha situación complexa, coa intervención externa e que se impón e con un único criterio para medir as titulacións como é os números de entrada. Sexa como sexa cóntase con números competitivos en investigación e transferencia.

Picos destaca que esta será a súa última intervención no Consello de Campus xa que se comeza co proceso de renovación do equipo directivo da Escola de Forestais.

Carlos Mollinedo

Pide desculpas por ter empregado a palabra lastre e considera que a titulación debería vincularse á temática do medioambiente para conseguir máis presenza.

Marcos Dopico

Como decano da nova Facultade de Deseño, intervén para amosar o seu agradecemento á Reitoría, que colleu a aposta herdada e apostou pola titulación e a Facultade, feito que non foi nada sinxelo. Tamén agrade á Xunta de Facultade que remou a favor do proxecto e dos alumnos e alumnas que formaron parte da Xunta de Titulación inda que xa non están na mesma.

Tamén fai constar o seu recoñecemento ao traballo da ex decana Silvia García, tendo en conta que o seu apoio á titulación chegoulle a costar o cargo. Menciona con especial agarimo a Manolo Ramos, quen loitou moito polo grao en deseño e pola Facultade brindando todo o seu traballo e incluso apoio psicolóxico.

Feitos os agradecementos, Marcos Dopico corrobora a situación explicada anteriormente con respecto á Conserxería da Facultade. Os contratos de conserxería da Facultade fixéronse tan só para o horario de docencia presencial. O proceso comezou cando xerencia solicitou os horarios do centro, pero non se agardaba que a finalidade desa información fora esa. Considera que os alumnos e alumnas deste Grao debería ter os mesmos dereitos que calquera outro estudante.

De feito, indica que se debe agradecer a voluntarismo e confianza do estudantado a pesar destes inconvintes e queda claro que esta situación non é sostible no tempo. Indica que o estudantado é positivo e amosa unha grande ilusión, pero xa están comezando a detectar carencias. Destaca que se ten feito un esforzo importante para conseguir un bo equipamento para o centro, e resulta absurdo que non o poida empregar o cen por cento do alumnado por problemas dos horarios de apertura.

Pablo Abelleira

Como representante do alumnado expón a gravidade da situación narrada con respecto ao **estudiantado do Grao en Deseño**. Sinala que a falta de vinculación dos alumnos e alumnas coa Universidade se considera un problema importante, e este tipo de situación agrávanos.

Tamén se refire ao **problema do persoal** e indica que se está producindo unha mala xestión por parte da xerencia. Lembra que a Facultade de Dirección e Xestión Pública segue con persoal compartido, que non cumpre coas necesidades do centro. Incide en que se trata dunha mala xestión da xerencia que non semella estar actuando en beneficio da comunidade universitaria.

Na busca da mellora dos dereitos do estudantado, solicita que se avance na posta en marcha do sistema de **votacións virtuais** xa que, de feito, non se está facendo nada por poñelo a funcionar. Indica que existe unha ferramenta que se creou hai anos con este fin para as tres universidades e haberá que problema, se non serve haberá que buscar outro.

No relativo ao **Gabinete Psicopedagóxico**, pregunta sobre cal é a problemática con respecto ao cambio de concesión e solicita que o Reitor explique que está sucedendo xa que todo apunta a unha posible supresión ou rebaixa da calidade do servizo.

Pregunta sobre a situación dos **vehículos do campus**, xa que se solicitaron para o traslado do material

de Dirección e Xestión Pública ao Edugal e non estaban dispoñibles, un por estar avariado e outro por non ter a ITV.

Dende a Facultade de Belas Artes trasladan queixas sobre a situación de técnicos e mestres de talleres xa que os horarios cobren escasamente seis horas en horario de mañá cando os talleres deberían estar dispoñibles durante todo o día. Dun xeito máis concreto tamén se pregunta sobre cales son as súas funcións e por que se aplica un horario reducido.

Emma Torres-Romay

Solicita información con respecto á proposta de peche de centros que foi solicitada como medida de aforro enerxético.

Tamén pregunta sobre a situación da titularidade da estrada da zona superior da Facultade de Comunicación, onde é necesaria a intervención de insonorización xa que a colaboración coa institución titular pode facer variar as posibles solucións para un problema que, hoxe, é moi grave para o centro.

Solicita facer constar que a situación dos servizos administrativos do Decanato da Facultade e Comunicación, compartida coa Facultade de Dirección e Xestión Pública, segue sendo inadecuada e deberá corrixiarse.

Finalmente, considera necesario aclarar as funcións do Gabinete Audiovisual ao igual que o indicado con respecto aos técnicos e mestres de talleres sen Belas Artes.

Reitor

Toma a palabra para dar resposta as cuestións e consideración recollidas:

Persoal. Indica que, a pesares da autonomía universitaria, os fondos para a contratación de persoal son limitadas e de feito, a masa salarial é limitada. Existen normas por riba da Universidade ao respecto.

Enxeñería Forestal. O Reitor amosa o seu orgullo por contar na Universidade de Vigo cunha Escola de primeiro nivel como a Forestais que, ademais, fai todo o que ten que facer e faino ben. Considera relativo que non se teña éxito na captación de estudantes a que iso supón asumir como correcta a cifra de 45 persoas de entrada. Considera que é iso o que debe mudar xa que non existe ningunha razón lóxica para que se marquen estas cifras. Sexa como sexa, Forestais é unha titulación punteira con importancia crucial na comunidade galega e poderanse facer estudos, pero inflúen moitos factores alleos (modas, demografía, cambios sociais...).

Aforro enerxético. Sinala que se segue traballando na instalación de paneis solares e que, en cifras globais, a Universidade ten conseguido un aforro dun 28% no consumo, o que non se traduce en fondos debido aos incrementos do prezo da enerxía. Tamén sinala que a corrección dos horarios debería ser unha medida importante e que deberá iniciarse a correspondente negociación cos PAS.

Facultade de Deseño. Sinala que queda clara a importancia do Grao en Deseño e inda que o lóxico sería que estivera na Facultade de Belas Artes ao dispor de laboratorios comúns, pero ao non ser posible queda claro que os alumnos e alumnas do Grao deberán dispor de todos os servizos posibles no Edificio Benito Corbal.

Valoración da situación do campus. O Reitor indica que non considera que Pontevedra sexa un “patito feo”, lembra que, agás Forestais, é imposible ter máis éxito na captación de estudantando. Tamén explica que as posibilidades actuais de contar cunha Residencia Universitaria son nulas xa que, non hai terreos dispoñibles inda que si moitas posibilidades.

Poda de árbores. Con respecto a relativo da poda das árbores para a mellora do wifi do pavillón, o Reitor indica que se revisará a proposta. Neste punto solicita intervir a Vicerreitora do Campus quen destaca que a proposta foi da Unidade de Medio Ambiente do Concello e se fala dunha tala que xa se

estaba estudando debido aos desperfectos que están ocasionando no firme.

Doutoramento CREA. Considera que este programa é fundamental para o proceso de acreditación e o feito de que sexa multidisciplinar e interdisciplinar é un valor engadido fundamental. Tamén considera necesario conseguir máis financiamento que o programa se abra a varios ámbitos.

Gabinete Psicopedagóxico. O Reitor informa de que o servizo de Gabinete Psicopedagóxico saíu a concurso pero producíronse problemas xa que en Ourense só se presentou unha empresa e non cumpría os requisitos, en Vigo só unha empresa e en Pontevedra ningunha. Nestes momentos estase analizando como resolver esta situación e solventar o problema.

Vehículos do campus. Indica que non se tiña coñecemento da avaría referida pero que, en calquera caso, o Parque Móbil da Universidade funciona de xeito óptimo e incluso permite mover cousas entre campus.

Técnicos e mestres de taller. Expón que o máis probable é que cumpran co horario establecido e que, se este non é suficiente, haberá que valorar outras solucións.

Neste punto establécese un debate entre o Reitor e o representante de persoal Xosé Manuel Cebro en torno ás necesidades de persoal do Campus. O Reitor remata indicando que se trata dun asunto de negociación entre Reitoría, Xerencia e representación sindical, non sendo un tema do Consello de Campus.

Remata a sesión ás 14.25 horas.